

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DO OBRADOIRO "AULA DE TEATRO DO CAMPUS DE PONTEVEDRA" PARA O SEGUNDO CUADRIMESTRE DO CURSO 2023/2024

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o Decreto 13/2019 de 24 de xaneiro da Xunta de Galicia polo que se aprobaron os estatutos da Universidade de Vigo.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría, **RESOLVE**:

1 Anunciar a celebración do obradoiro "*Aula de teatro do campus de Pontevedra*" para o segundo cuadrimestre do curso 2023/2024, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.

2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 22/06/2022, D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

OBRADOIRO "Aula de teatro campus de Pontevedra", 2º CUADRIMESTRE curso 2023/2024

OBXETIVOS E TEMÁTICA:

O propósito fundamental desta proposta é que o alumnado universitario e calquera outra persoa interesada no teatro participen nas fases dun proceso de creación teatral, desde o momento inicial da elección e lectura do texto ata a representación final diante dun público. Trátase de dotar os participantes dun abano de ferramentas para que poidan escoller e descubrir cal é a adecuada forma de desenvolver o seu labor como actor/actriz ou noutras funcións (escenógrafo, figurinista...). Todo se fará mediante exercicios prácticos que pretenden fomentar a capacidade de concentración, memoria, oratoria e expresión, creatividade, imaxinación, sentido do ritmo e a musicalidade... Cabe sinalar que o teatro é un lugar privilexiado para a reflexión e para o diálogo, ademais de ser un instrumento que nos axuda a coñecernos mellor e a relacionarnos cos demais dunha maneira especial.

A modo de resumo, pode dicirse que os seus obxectivos principais son:

- Fomentar a lectura de textos teatrais.
- Fomentar a capacidade de expresión oral e corporal.
- Dar a coñecer as funcións que realizan os compoñentes dun espectáculo teatral: actores, director, escenógrafo, figurinista...
- Fomentar a asistencia a espectáculos teatrais.
- Fomentar a capacidade de relacionarse cos demais.
- Fomentar o traballo en equipo.

PROGRAMA:

1. Exercicios preparatorios
 - Relación entre actores/actrices
 - Relación actor-público
 - Posta a punto corporal e vocal
2. Lectura e comprensión do texto teatral
 - Análise das situacións
 - Análise dos personaxes
 - Obxectivos dos personaxes
 - Obxectivos da obra
3. Encarnación do personaxe
 - Externo e interno
 - Busca da voz e da pose corporal
 - Subtexto
 - Ritmo interno do personaxe e ritmo externo das accións
4. A montaxe teatral
 - Improvisacións sobre as escenas
 - A relación
 - Indicacións sobre a interpretación



DÍAS E HORAS.

Luns e mércores de febreiro a abril de 2024

Febreiro: 5, 7, 19, 21, 26 e 28

Marzo: 4, 6, 11, 13, 18 e 20

Abril: 1, 3, 8, 10, 15, 17 e 22

De 18.30 a 21.30 horas

TOTAL HORAS: 57

LUGAR:

Facultade de Belas Artes: Salón de Actos

DOCENTES:

Jesús Salvador del Río Pérez

Omar Ferrín Outeda

Sonia Rúa Rúa

PRAZAS: 20

INFORMACIÓN E MATRÍCULA: campusactivo.uvigo.gal

PRAZOS DE MATRÍCULA:

- Desde as 9.00 horas do 2 de outubro ata as 23.59 horas do 4 de outubro de 2023. Comunidade universitaria UVigo: 8 PRAZAS
- Desde as 9.00 horas do 5 de outubro ata as 23.59 horas do 9 de outubro de 2023. Persoas que realizaron este obradoiro no curso 2022/2023: 12 PRAZAS máis as vacantes do prazo anterior.
- Desde as 9.00 horas do 10 de outubro ata as 23.59 horas do 15 de outubro de 2023. No caso de quedar prazas vacantes para todas as persoas en xeral.

PREZO: GRATUÍTO

Ao remate do curso entregarase un diploma acreditativo (asistencia obrigatoria mínimo 85% das horas totais)

Información sobre Protección de datos:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria do obradoiro "Aula de teatro para o primeiro cuadrimestre do curso 2023/2024 no campus de Pontevedra".



Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución.

Non obstante e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

